

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

ORDE do 7 de decembro de 2022 pola que se publica a concesión dos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22, convocados pola Orde do 29 de xuño de 2022 (Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo).

A Orde do 29 de xuño de 2022 (DOG núm. 131, do 11 de xullo) pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22, establece no seu artigo 15.2 que a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional elevará a proposta feita pola comisión de selección á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que emitirá a correspondente orde de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que recollerá a relación de códigos alfanuméricos das persoas premiadas.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional viuse afectada pola reestruturación establecida no artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Vista a proposta feita pola comisión de selección, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, de acordo co establecido no artigo 15.2 da orde de convocatoria,

DISPOÑO:

Primeiro. Conceder os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22, ao alumnado que figura no anexo desta orde.

Segundo. Contra esta orde poderase recorrer mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por delegación de competencia establecida na Orde do 29 de xullo de 2022 (DOG núm. 151, do 9 de agosto), no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o dispo-



to nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2022

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022; DOG núm. 151, do 9 de agosto)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO

Premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22

Código persoal do/da alumno/a	Código do centro	Centro educativo	Importe (€)
ZNNDGQT3	27013934	IES Perdouro	1.000
EQU9B4XE	36020374	IES Valadares	1.000
QD5KSC6H	36019751	IES Antón Alonso Ríos	1.000
7BUICTF0	36005427	CPR Plurilingüe Lar	1.000
JEROMFQE	36020374	IES Valadares	1.000
EFPJS9AZ	36010356	CPR Plurilingüe Escuelas Nieto	1.000
K1F9KQ7L	32009360	CPI Plurilingüe José García García	1.000
ALITE2OI	15032935	IES Rego de Trabe	1.000
13NTS3GM	15027721	IES Plurilingüe de Ames	1.000
H6LFDCKF	15002591	IES Monte Neme	1.000
DU67KLIB	36020349	IES de Sanxenxo	1.000
DZKUV0X2	27013934	IES Perdouro	1.000
DGWFJL9J	27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	1.000
NHNSNC8Z	36019751	IES Antón Alonso Ríos	1.000
XZKA0ZMT	27014008	CPI Plurilingüe Tino Grandío	1.000
M14NOSZN	36024197	IES de Cotobade	1.000
HMGDYQZ8	15025566	IES Ferrol Vello	1.000

CVE-DOG: emjb0176-k8u2-eot4-0dw6-blursqr5w4p7



Código persoal do/da alumno/a	Código do centro	Centro educativo	Importe (€)
MYGDSDXH	36020131	IES de Mos	1.000
OBNLY2ML	15023302	IES Manuel Murguía	1.000
LIAXOV3R	32003001	IES Nº 1	1.000

